

## MESA SECTORIAL

### 17/12/2024

**1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: LISTAS DE INTERINIDADES E SUBSTITUCIÓNS EN DETERMINADAS ESPECIALIDADES NAS QUE, DE XEITO EXCEPCIONAL, SE PERMITE A PARTICIPACIÓN A PERSOAS SEN O REQUISITO DA FORMACIÓN PEDAGÓXICA E DIDÁCTICA.**

A Administración comeza cun inciso para aclarar a situación derivada da publicación da resolución do concurso de méritos de estabilización en Canarias e a repercusión que pode ter sobre os aspirantes seleccionados que están a traballar actualmente en Galicia. Indica que se procederá a chamar telefónicamente aos afectados/as para indicarlles que, aqueles que así o queiran, poder ter unha comisión de servizos en Galicia ata o 31 de agosto. Indican que no corpo de mestres hai 29 persoas coas que non habería ningún problema, 2 que aprobaron por outra especialidade en Canarias (neste caso non poderán ter comisión) e 4 substitutos. ANPE Galicia pide información de como se vai a proceder cos 4 substitutos e a Administración alega que non van a poñer pega en que queden aquí cubrindo substitucións cando lles toque ata o 31 de agosto.

Nos restantes corpos ahí 26 persoas afectadas das cales unha xa é funcionaria de carreira en Galicia e dúas son substitutas.

En relación ao primeiro punto da orde do día, ante todo, ANPE Galicia, considera importante deixar claro que, salvo estas situacións excepcionais, debe prevalecer o actual acordo de interinos rexido pola resolución do 2 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos; pola que se da publicidade ao texto refundido do acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Educación. Consideramos que o sistema da provisión de postos de traballo de interinidade e substitucións en Galicia é o que mellor funciona de todo o Estado pola súa axilidade e transparencia.

ANPE entende que ante estas situacións excepcionais e ante a falta dunha normativa estatal que solvete un problema que acucia a todas as CCAA e ante o dereito á educación dos nosos alumnos que recolle a Constitución Española no seu artigo 27, a Administración educativa galega, como veñen facendo outras en todo o Estado nos presente esta convocatoria para incorporar novas persoas candidatas para cubrir interinidades e substitucións pese a que non dispoñan da titulación que acredite a formación pedagóxica e didáctica.

Recordar que o Real Decreto Lei 31/2020, de 29 de setembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da educación non universitaria, no seu artigo 2 permitía a exención temporal do requisito de formación pedagóxica e didáctica de posgrado, ou equivalente, para o nomeamento de funcionarios interinos con carácter excepcional para prazas necesarias para a atención docente orixinadas pola COVID-19, aínda que de maneira excepcional e limitada ata a finalización das circunstancias que motivaron a súa aprobación.



Con data do 4 de xullo de 2023, e por acordo do Consello de Ministros, declárase a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, publicándose a Orde correspondente no BOE do 4 de xullo de 2023 polo que cesa a aplicación das medidas do Real Decreto Lei, salvo os artigos 3 e 7, segundo establece o artigo 1.

En Galicia reflexamos a medida do Real Decreto Lei engadindo unha disposición transitoria ao Acordo do 20 de xuño de 1995. Como queira que

## MESA SECTORIAL

17/12/2024

nestes intres o Ministerio de Educación desentendeuse de articular normativa que permita subsanar esta problemática, e despois de que moitas comunidades (Comunidade Valenciana, Extremadura, La Rioja, Castilla La Mancha, Canarias, Murcia e Andalucía entre outras) pedisen xa o pasado curso que lles permitiran que titulados/as sen máster do profesorado puideran dar clase de maneira excepcional e como a día de hoxe seguen sen resposta moitas destas CCAA están a abrir listaxes sen este requisito para poder cubrir múltiples vacantes de listaxes que levan meses sen docentes.

### INTERINOS e SUBSTITUTOS

Desde ANPE trasladamos a importancia da formación pedagóxica e didáctica xa que o profesorado ten que estar formado. Non pode entrar un graduado a dar clases a alumnado cunhas características e necesidades que o profesor debe coñecer e abordar. Esta formación a aporta o Máster de Formación do Profesorado polo que é imprescindible que se oferte un número necesario de prazas nas Universidades públicas para cubrir a demanda existente.

Vemos axeitado que o profesorado incorporado por este procedemento non consolide posto, do mesmo xeito que aconteceu durante a pandemia, pero votamos en falta, como se fai noutras comunidades, o compromiso de obter o Máster de Formación do Profesorado nun tempo prudencial de dous ou tres cursos para poder seguir participando nos chamamentos e evitando, deste xeito, incorporacións temporais sen perspectiva de continuidade que o único que faría sería dar entrada e saída constante a profesorado non comprometido en permanecer no sistema. Por poñer un exemplo, en Cantabria o profesorado que se incorpora sen Máster asina

un Anexo III co compromiso de acadar o Máster nun tempo determinado.



Desde ANPE engadiríamos dúas cuestións máis: a primeira referente á ampliación de titulacións afíns, como xa fixeron nalgunha comunidade, destacando, iso sí, que a nosa comunidade ten un dos catálogos máis amplos no que a titulacións para o desempeño de postos en réxime de interinidade pero debería darse unha profunda volta comparativa entre comunidades por se puidesemos engadir algunha máis e ter un abano máis amplo de posibilidades; a segunda cuestión é propor que estas listaxes que se abren, e as que poidan xurdir, deberían ser consideradas (como tamén fan noutras comunidades) listaxes extraordinarias dinámicas que permanezan permanentemente abertas para incorporación de novas persoas en calquera momento (isto xa se fai, por exemplo, en Castilla León e en Madrid).

#### 2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Demandamos a revisión de vacantes do CXT que son habitualmente “retiradas” ano tras ano e que agoran saen con “nomes e apelidos”.
- Demandamos coñecer o antes posible o desglose da OPE e que non ocorra o de anos anteriores onde esta Mesa Sectorial é ninguneada ao coñecerse as especialidades dos procesos selectivos directamente a través da prensa. **A Administración resposta que está previsto traer a OPE e a Orde de**

## MESA SECTORIAL

17/12/2024

**Convocatoria previsiblemente a segunda quincena de xaneiro.**

- En relación ao anterior demandamos que haxa unha ampla oferta de prazas en todas as especialidades que teñan risco de cobertura de substitucións.
- Tamén demandamos unha ampla oferta para inspección. Non tería sentido unha oferta raquítica despois da incongruencia da apertura de listaxes accidentais para uns meses, convocatoria recurrida xudicialmente por ANPE pola súa inseguridade xurídica.
- Demandamos que se revisen con detalle todas as vacantes que se sacan en conservatorios superiores no CXT e moi en concreto as que se sacan polo nivel 24. Está xudicializado desde hai anos e debe serse moi escrupuloso coas vacantes a ofertar.
- Denunciar que a Consellería de Educación ven de sacar unha relación de prazas habilitadas que non se corresponde coa realidade. Ou se minte á Valedora do Pobo ou a relación non é real.
- Denunciar novamente a non percepción de sexenios, nalgúns casos con retraso de máis dun ano. A situación é insostible. **A Administración volverá a falar con Intervención aínda que lles consta que teñen sobrecarga de traballo.**
- Solicitar unha explicación do feito de que non se permita a participación do profesorado dos conservatorios de música no plan Proxecta + cando levaban anos participando.
- Demandar novamente que se aborde o pagamento dos meses de verán ao profesorado substituto que traballe no curso máis de 5,5 meses agora que estamos en proceso de negociación dos Orzamentos da Comunidade.
- Solicitamos información sobre en que situación se atopa a elaboración da nova RPT e o Concurso de Traslados do

profesorado de relixións. A Administración resposta que se está traballando no tema nas provincias e que teñen de prazo ata mediados de xaneiro.

